

Dallares *dixital*

Revista do CPI Tino Grandío – Guntín – Lugo

Nova época - Ano XXI - Nº21



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



ÍNDICE

VISITA DA CRUZ VERMELLA EN EDUCACIÓN INFANTIL	3
EDUCACIÓN EMOCIONAL EN 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	6
ANACOS DE ROSALÍA	8
ATA AS ORELLAS DE POESÍA	13
EXCURSIÓN Á CORUÑA.....	14
XOGOS POPULARES	15
AS CHAPAS	15
O ARO.....	16
A BUXAINA	16
A PITA CEGA	17
A RA.....	17
CARREIRA DE SACOS	18
OS NOSOS LIBROS FAVORITOS	18
DE EXCURSIÓN AO ROCÓDROMO DE LUGO.....	21
EXPERIENCIAS NO NOSO CLUB DE CIENCIA.....	24
Arco da vella de vasos comunicantes	24
Cristalización de sulfato de cobre	24
Reacción química con vinagre e bicarbonato sódico.....	25
FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	26
VIDA	26
OBRA	26
POR ONDE RESPIRAN AS PLANTAS?	27
POR QUE SON VERDES AS FOLLAS DAS PLANTAS?.....	28
ENTREVISTA A DIEGO AS PARA LA VOZ DE GALICIA.....	29
<i>ENQUISA SOBRE DIEGO AS</i>	31
DESCUBRINDO O NOSO INTERIOR.....	33
Que aprendemos?.....	33
Opinión persoal.....	34
<i>MÚSICA, A MELLOR COMPAÑEIRA DE VIDA</i>	35
LER OU NON LER, ESTA É A CUESTIÓN	36
INTERVIEW TO JEAN	39

VISITA DA CRUZ VERMELLA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Alumnado de educación infantil

Hoxe recibimos na escola a Teresa e Jacobo, persoal da Cruz vermella, que nos viñeron dar unha charla sobre Primeiros Auxilios.



Explicáronnos unhas nocións básicas sobre como actuar no caso de que non sangue o nariz, que teñamos unha ferida ou que debamos atender a unha persoa de urxencia, para o que nos ensinaron a realizar a posición de seguridade.


Tamén nos lembraron o teléfono ao que temos que chamar en caso de emerxencia: 112 (unha boca, un nariz e dous ollos).





E para rematar a visita, ensináronnos a ambulancia por dentro e entregáronnos un diploma polo noso labor como “Socorristas por un día”.

A continuación podedes ver un pequeno resumo do ben que o pasamos e canto aprendemos!



EDUCACIÓN EMOCIONAL EN 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Alumnado de 1º de educación primaria

Os nenos e nenas do primeiro curso de educación primaria estiveron traballando as emocións cos profes Alba (AL), Patri (PT) e Ventura (titor). O profesorado do centro participa este ano nun Programa de Formación Permanente chamado “Educación emocional” no que aprendeu numerosas estratexias para traballar este eido co alumnado na aula.

Nesta ocasión, fixeron a actividade “As piruletas das emocións”, na que cada alumno/a pintou, recortou e plastificou as caras representativas das diferentes emocións.

A continuación, traballaron a identificación de cada unha delas e asociación con situacións reais.

Nas seguintes fotografías podedes ver unha mostra do traballado nestas sesións:



As actividades que se realizaron co alumnado empregando este material foron:

Hoxe púxenme...

A primeira actividade levouse a cabo na primeira sesión do día e consiste en elixir varios alumnos e pedirles que conten como se senten e porqué. Unha vez que o explican, pediuse que buscasen a piruleta que representa as súas emocións e que a amosasen aos seus compañeiros.

Entón buscaron a piruleta correcta entre todas elas (puxémolas nunha bandexa especial para as emocións) e unha vez que a ensinaron, o resto de compañeiros decidiron se a elixiu correctamente ou non e no caso de que se confundiran explicar o porqué e amosar cal é a correcta.

Unha vez que tiñan o mecanismo da actividade asimilado, realizouse de xeito rápido, co que se puido facer cada día con dous ou tres nenos, mantendo unha lista para que todos puidesen realizala cada determinado tempo.



Que cara tes!



Consiste en poñer boca abaixo todas as piruletas, de xeito que só se vira a parte traseira cos nomes das emocións. Os nenos debían ler o que din as piruletas ata atopar a correcta e entón darlle a volta e comprobar se acertaron ou non.



En xeral, os nenos pasárono moi ben realizando as actividades e coñecendo mellor as súas emocións.



ANACOS DE ROSALÍA



Alumnado de 2º de educación primaria


Na clase de 2º de EP celebramos o día de Rosalía recollendo e ilustrando anacos dalgúns dos seus poemas.











ATA AS ORELLAS DE POESÍA

Sofía, Daria, Suevia, Ares, Iker, Manuel, Roberto, Joel, Aroa, Lúa, Nerea, Yael de 3º de ed. primaria Durante este curso, en 3º de Educación Primaria prestamos atención a diversos tipos de textos da vida cotiá. Por iso, aproveitamos que dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares nos prestaron unha maleta chea de libros de poesía, para mergullarnos nela. Aquí vos ensinamos varios exemplos das nosas creacións.

Versionamos a Xoán Babarro (á esquerda). Se este autor situou os seus “Raposos” no sur de Galicia, nós achegámoslos á nosa casa.

Da Serra do Galiñeiro
baixaba un raposo co fol baleiro.

Foi pedir ao Porriño
e déronlle un vaso de viño.

Foi pedir a Vigo
e déronlle un molete de trigo.

Foi pedir a Gondomar
e déronlle zapatos para calzar.

Foi pedir a Nigrán
e saíulle ao camiño un can...

Do monte das **Teixugueiras**
baixaba un raposo coa barriga baleira.

Foi pedir a **Guntín**
e déronlle un pin.

Foi pedir a **Guntín de Pallares**
un paxaro con moita pelaxe.

Foi pedir a **Portomarín**
un tarro de maíz.

Foi pedir a **Santa Euxea**
e déronlle unha orella.

Foi pedir a **Lugo**
e déronlle un fungo.

Foi pedir a **Zaíde**
e déronlle unha entrada pro cine.

Foi pedir a **Ferroi**
e déronlle un Iphone.

Foi pedir a **Gomelle**
e déronlle un muelle.

Foi pedir a **Goia**
e déronlle unha furoia.

ATA AS ORELLAS
DE POESÍA

EXCURSIÓN Á CORUÑA

Alumnado de 3º de educación primaria

Os nenos e nenas de 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria do CPI Tino Grandío de Guntín foron de excursión á Coruña visitar o Aquarium o venres 18 de marzo de 2022 durante a mañá e un pouco da tarde. Saímos en autobús as 9:45 e volvemos para a saída co colexio, ás 16:15, aínda que nos atrasamos un pouquiño.



O Aquarium Finisterrae da Coruña que está situado preto da Torre de Hércules ao lado do mar. Para chegar a el, o bus aparcou no seu aparcadoiro que está ao lado do paseo marítimo.

Cando chegamos, comezamos a visita no Aquarium. Para iso, presentáronos a monitora María e o monitor Mario que nos ensinaron todas as salas. Empezamos visitando a sala do Nautilus. Chámase así porque parece o submarino do Capitán Nemo. Alí vimos o tiburón toro, que se chama Gastón. Cando chegamos estábanlle dando de comer cun gran garfo. Contáronnos que a veces non quería comer pero despois si lle entraba a fame e, por iso, de vez en cando, come algún peixe do acuario. Veu de Francia cando tiña tres anos. Agora xa ten vinte e sete. Cando chegou tivo que adaptarse a vivir en auga fría, porque os tiburóns toro viven en augas cálidas. Ademais, dos tiburóns tamén había outro tipo de peixes.

Despois, era o tempo de darlle de comer ás focas, polo que saímos as piscinas que teñen no exterior. Hai dúas, unha máis pequena onde están as femias e outra máis grande onde están os machos. Cada animal ten unha neveira co seu nome, que é onde se garda a súa comida. Ademais de darlle de comer, ese día a veterinaria estaba examinando algunha das focas femia.



Cando vimos os mamíferos do Acquarium volvemos entrar para rematar de ver as salas que nos quedaban. Vimos unha exposición na que había peixes pallaso, cabalos de mar, estrelas.

Finalmente, a sala máis grande ten varias peixeiras onde podemos ver distintos animais

mariños no seu ecosistema, é dicir, no lugar no que vivirían, máis preto da costa, máis lonxe, nunha batea...

Nesa mesma sala hai outras vitrinas de exposición. Unha das que máis nos impresionou é o acuario con medusas e a exposición de ovos de tiburón porque podes entrever a cría que hai dentro. Tamén nos fixamos nuns acuarios con distintos tipos de crustáceos, o que na casa chaman marisco.

Cando acabamos a visita, fomos comer a outro museo, o Museo da Domus. Só gozamos das vistas do comedor porque non nos deu tempo a visitalo. Así queda para a próxima saída á Coruña!




XOGOS POPULARES

Alumnado de 4º de educación primaria

Aos nenos e nenas de 4º de E. Primaria encántanos xogar. Este curso estivemos indagando sobre os xogos populares e gustaríanos compartir con vós as nosas pescudas.

Animádevos a poñelos en práctica coa vosa familia e amigos e pasarédelo xenial!!

AS CHAPAS

<p>NOIME DO XOGO: <i>chapas</i></p> <p>MATERIAL NECESARIO: <i>As chapas das botellas. Botellas.</i></p> <p>ESPAZO PARA XOGAR: <i>Un espazo amplo e libre para debuxar un circuíto.</i></p> <p>ORGANIZACIÓN DO XOGO: <i>Podem xogar mínimo dous xogadores e máximo seis ou oito xogadores.</i></p> <p>DESENVOLVEMENTO DO XOGO: <i>Debuxas un circuíto e cada xogador pon unha das súas chapas. O primeiro que empereza, lanza outra chapa. Se logra o obxectivo resolve o xogo e queda coa chapa do seu rival.</i></p>	
<p>FEITO POR: <i>Alba L. Lomas</i></p>	

O ARO


NOME DO XOGO: O ARO

MATERIAL NECESARIO: Um aro de metal e unha guía ríxida.

ESPAZO PARA XOGAR: Un espazo amplo para poder facer o aro.

ORGANIZACIÓN DO XOGO: Poden xogar unha persoa ou varias!

DESENVOLVEMENTO DO XOGO: A única regra que ten consiste en conseguir facer rodar o aro para gañar.



FEITO POR: María D.F. Uxía G.L

A BUXAINA

NOME DO XOGO: Buxaina

MATERIAL NECESARIO: Unha buxaina e unha corda.

ESPAZO PARA XOGAR: Todo lugar onde se pode tirar a buxaina.

ORGANIZACIÓN DO XOGO: Mínimo unha persoa máximo os que queiran.

DESENVOLVEMENTO DO XOGO: Tirar a buxaina e que dea voltas sobre si mesma aguantando o máximo tempo posible.



FEITO POR: Carla Fdz López
Marta Puente López

A PITA CEGA

NOME DO XOGO: *Pita cega*

MATERIAL NECESARIO: *Unha venda.*

ESPAZO PARA XOGAR: *Un espazo amplo para que a persoa cos ollos vendados poida desprazarse.*

ORGANIZACIÓN DO XOGO: *Non hai límite de xogadores.*

DESENVOLVEMENTO DO XOGO: *Unha persoa venda os ollos e ten que atopar ás outras persoas.*



FEITO POR: *Naelia Fdz Joaquín*

A RA

NOME DO XOGO: *A ra*

MATERIAL NECESARIO: *Unha mesa (a ra, muiña, orgal e suroador) e dez discos de gervia.*

ESPAZO PARA XOGAR: *Naí mesa da ra.*

ORGANIZACIÓN DO XOGO: *de dous a nove*

DESENVOLVEMENTO DO XOGO: *A ra vale 50 puntos, a muiña 25 puntos, as orgal 10 puntos e os suroador 5 puntos. Cada xogador ten que lanzar os discos desde unha marca que está sinalada na chan que non se pode pisar, sendo a aletabilidade da xoga introducir os discos na boca da ra ou na seu defecto, pola de algúns de outros aparellos da mesa, pola de 0 que máis puntos consiga gaña.*



FEITO POR: *Edgar V. e Ian D. V*

CARREIRA DE SACOS


<p>NOME DO XOGO: CARREIRA DE SACOS</p>		
<p>MATERIAL NECESARIO:</p> 		
<p>ESPAZO PARA XOGAR:</p>   		
<p>ORGANIZACIÓN DO XOGO:</p>  		
<p>DESENVOLVEMENTO DO XOGO:</p> 		
		<p>FEITO POR: IAGO SERÉN PADERNE</p>

OS NÓSOS LIBROS FAVORITOS

Alumnado de 5º de educación primaria



el Mundo De Indi
 es de una chica que quiere
 ser diseñadora de camisas



EL MUNDO DE
 CLODETT
 Gústame por que abren palabras
 en inglés.
 Superlía
 de gemas

* OS SABUXOS *

Gústame este libro porque e moi bonito
 e hai acción.



Um vampiro en uma casa

Cuando coco entra a la casa y en cuenta al
 vampiro.

ÁLVARE

ANA LA
 DE TEJAS
 VERDES

- Ana de Tejas Verdes es un
 libro que me gustó mucho porque
 Ana es una niña muy buena, torrada
 y tiene un amigo del alma. Va
 creciendo y es profesor y los
 alumnos la quieren mucho.



El Internado LAGUNA NEGRA

Persiguiendo hienas
A mí me gusta porque es muy misterioso e no sabes o que che pode pasar

LOS FUTBOLISIMOS

el misterio de la mascara de oro

me gusta porque resuelven un lo que hicieron en Venecia y al final no era su culpa.



SONRIE AUNQUE TE CUESTE

Porque me gusta? Porque explica como se siente al hazerte bullying a una persona u al



Si algo salera en Hydrcraft, son hienas. Los hay de todas las tipos y para todas las gustas.

MARZY LOS
7 REINOS DE Sergio
HYDRACRAFT

LOS FUTBOLISIMOS EL MISTERIO DEI CERRO DE LAS ÁGUILAS



DE EXCURSIÓN AO ROCÓDROMO DE LUGO

Alumnado de 6º de educación primaria

O día 22 de novembro de 2021 os alumnos e alumnas de 5º e 6º de Educación Primaria do CPI Plurilingüe Tino Grandío acudimos ao Rocódromo de Lugo. Esperemos que vos guste a nosa reportaxe e que vos animeades a disfrutar desta actividade.

O primeiro que nos gustaría explicarvos son as características dun rocódromo en xeral, despois contarémosvos como é o rocódromo de Lugo (ROCO-LUGO) e por último explicarémosvos cal foi a nosa experiencia.

Un rocódromo é unha sala deportiva acondicionada para poder disfrutar da escalada sen necesidade de saír á roca.

Nos rocódromos hai tres modalidades de escalada. A escalada boulder é a máis sinxela porque é onde se pode practicar a escalada en bloque. As súas paredes teñen unha altura inferior a cinco metros. A escalada difícil é a que ten máis



dificultade porque está empinada. Por último a escalada de velocidade é a modalidade na que tanto competidores como público poden sentir a emoción da competición pura entre contrincantes.

O material que hai que empregar para as escalar é o seguintes: arnés (conxunto de correas que se axustan ao corpo), casco (peza de metal ou



de material duro para cubrir e protexer a cabeza), cinta (tira longa e estreita que serve para prender algunha cousa) e corda.

Nos muros hai distintos tipos de agarre: cazo (agárraste coa man enteira), invertido (agárraste coas palmas dadas a volta) regreta (o agarre é estreito e emprégase parte da xema dos dedos), bidedo (oco no que só caben dous dedos), pinza (presa moi pequena na que debes agarrarte usando o pulgar) e romo (peza grande e lisa onde debes agarrarte coas palmas das mans).

O mellor rocódromo de España está no Pazo de Feiras e Congressos en Lugo. Fundouse o 19 de outubro de 2019, custou 372.000€ e mide 1.300 m² escalables distribuídos en catro sectores.

No rocódromo de Lugo obrigáronnos a usar casco e arnés para estar ben suxeitos e fixemos



escalada no muro de iniciación e no de dificultade. Neste muro alcánzase os 12 metros e é máis complicado.

Por si queredes ir a disfrutar da escalada as tarifas son: adulto 6€, adulto federado 5€, infantil 4€ e infantil federado 3€. Tede en conta que a este

rocódromo acudiron profesionais de escalada como Patxi Arocena.

Na última parte desta reportaxe podedes ler á entrevista que nos fixemos. Estas foron as nosas respostas:

1. Gustouche a experiencia no rocódromo?

- “Si, porque pensaba que ía ser mais difícil”. **Sara**
- “Si, gustoume porque é un deporte que me gusta e pensaba que non ía chegar arriba”. **Uxía**
- “Si, porque é un deporte sinxelo e calquera pode participar nel”. **Samuel**

2. Volverías ao rocódromo?

- “Si, pero solo si soben outro pouco mais os muros”. **Aarón**
- “Si, gustoume moito a experiencia no rocódromo”. **Raúl**
- “Si, porque me gustou moito a escalada”. **Saira**
- “Si, porque me gusta escalar”. **Íker Pena**

3. Que mellorarías do rocódromo?

- “Non melloraría nada porque me gusta como está”. **Íker López**
- “Eu melloraría que houbera máis sitios de escalada”. **Lucía**
- “Melloraría que houbera menos altura”. **Cristian**
- Para finalizar ao noso compañeiro Joel que non puido ir ao rocódromo preguntámoslle: Irías ao rocódromo?
- “Eu si que iría ao rocódromo porque e un lugar curioso e nunca fun”. **Joel**

ANIMÁDEVOS A DESFRUTAR NO ROCÓDROMO! É TODA UNHA EXPERIENCIA.

Webgrafía:

- ✓ DEPORTES DE RIESGO. <https://deportesriesgo.com/escalada-en-rocodromo-todo-lo-que-necesitas-saber/>
- ✓ ESCALADAYFERRATAS. <https://escaladayferratas.com/tipos-de-escalada/boulder/rocodromo>
- ✓ ROCO-LUGO (4 de abril de 2022). <https://rocolugo.com/el-rocodromo>

EXPERIENCIAS NO NOSO CLUB DE CIENCIA

Club de ciencia

Este ano o noso Club de ciencia comezou as súas actividades xa comezado o ano 2022 pero iso non impediu que realizáramos experimentos diversos e actividades moi interesantes. Imos recoller aquí varias delas por se vos interesa repetilas.

Arco da vella de vasos comunicantes

Un dos primeiros experimentos que realizamos este curso foi o de comprobar a tensión superficial da auga e a capilaridade. Para iso fixemos diversas comprobacións entre as cales a máis bonita e colorida é a que describimos a continuación.

Material:

- 5 vasos baleiros
- colorante alimentario de tres cores
- papel de cociña

Puxemos os vasos en fila e no vaso 1 puxemos colorante azul, no 3 amarelo e no 5 azul. Os vasos 2 e 4 quedaron baleiros. Despois puxemos papel de cociña dobrado unindo os vasos contiguos e deixámoslos así toda a fin de semana. O luns seguinte o que atopamos foi o seguinte:

- todos os vasos tiñan líquido ata o mesmo nivel,
- e o vaso 2 tiña líquido verde e o vaso 4 tiña líquido de cor laranxa.

O líquido fora subindo polo papel debido á capilaridade e nos vasos intermedios mesturáronse as tinturas dos vasos impares.




Cristalización de sulfato de cobre

Nun fervedor quentamos a auga e cando está fervendo botámola no vaso de precipitados e agregamos o sulfato de cobre pouco a pouco mentres remexemos a mestura para que se disolva todo ben. Sabemos que a mestura está xa saturada cando comeza a depositarse o sulfato no fondo. A continuación verteremos o líquido azulado resultante nas placas Petri e retirámolas para esperar que cristalice o sulfato.

Material:

- 150 gr de sulfato de cobre
- 200 ml de auga fervendo
- vaso de precipitados
- placas de Petri



Pasada unha semana volvemos ao laboratorio para ver como está o noso sulfato e puidemos comprobar como foi cristalizando. Atopamos tanto cristais pequenos coma outros máis grandes.

Se queremos uns cristais de maior tamaño o que temos que facer e retirar os cristais de maior tamaño e volvelos deixar unha nova disolución de sulfato de cobre de forma que continúe cristalizándose sobre os cristais de veces anteriores.

Reacción química con vinagre e bicarbonato sódico

Xuntando estes dous produtos de presenza habitual nas nosas cocinas podemos producir unha reacción química interesante, que realizamos no noso laboratorio.

Para este experimento enchemos a botella de vinagre ata a metade da súa capacidade. A continuación botamos varias culleradas de bicarbonato no globo e con coidado de non verter o bicarbonato sobre o vinagre, axustamos o globo na boca da botella. Finalmente, levantamos o globo deixando caer o bicarbonato. O resultado foi que o bicarbonato (que é unha base) reaccionou inmediatamente co vinagre (que é un ácido) producindo bastante gas suficiente para encher o noso globo. Aqueles grupos que botaron máis bicarbonato no seu globo conseguiron encher máis o globo. Pasamos un bo rato co experimento.

Material:

- vinagre de cociña
- bicarbonato sódico
- botella de plástico de 500 ml
- globo



FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

VIDA

Florencio Delgado Gurriarán naceu en Santa Comba de Córghomo, unha parroquia de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), o 27 de agosto de 1903.

Cando tiña dez anos marchou estudar a Palencia. Alí fixo o bacharelato e logo estudou a carreira de Dereito en Valladolid. En 1928 volveu a Córghomo.


Florencio amaba Galicia, sobre todo a súa aldea, organizaba e asistía a concertos de música nos que el tamén cantaba. Tal era o seu compromiso con Galicia que se incorporou ás Irmandades da Fala, ao Partido Galeguista e ao Partido Nacionalista Republicano de Ourense.

Tivo que exiliarse debido á Guerra Civil. Estivo en Francia e en Portugal, pero finalmente quedou a vivir en México en 1939. En México dirixiu os xornais *Saudade*, *Verba galega nas Américas*, que nace en 1942, e *Vieiros*, que xorde en 1959, e que constitúe un fito na literatura galega pola súa calidade e modernidade, así como por trazar unha ponte entre Galicia e o exilio, ao recoller textos de Ferrín, Casares e Novoneyra, entre outros.

Volveu a Galicia en 1968, 1976 e 1981, pero non definitivamente, pois sempre regresaba a México.

Faleceu en Fair Oaks (California) o 14 de maio de 1987. Os seus restos repousan no seu Córghomo natal.

lago Ramos Salgado y Alba Fernández López




Imaxe do diario *La Región*



Mural de Anxo Baranga en Córghomo

OBRA

Comezou a publicar poesía na revista *A Nosa Terra* e no *Heraldo de Galicia*. No 1934 publicou na revista *Nós* a primeira selección de poemas *Bebedeira*. En 1963 deu ao prelo *Galicia infinda* e en 1981, *Cantarenas*. Cinco anos despois, viu a luz en México o seu último libro titulado *O soño dun guieiro*.



POR ONDE RESPIRAN AS PLANTAS?

Celia Alonso Rodríguez, Silvia Fernández López, Manuel López López, Naiala Rodríguez Joaquín e Alejandro Romay Carreira – 1ºESO

Un día na clase de Bioloxía decidimos realizar a observación de estomas, células modificadas nas que acontece o intercambio de gases nas plantas. E aquí explicámosvos como facelo, por se queredes probar na vosa casa!

Para esta práctica os **MATERIAIS** que precisamos son:

- Follas carnosas
- Portaobxectos
- Cubreobxectos
- Pinzas
- Microscopio
- Auga destilada
- Pipeta Pasteur



Este foi o **PROCEDEMENTO** que seguimos:

1. Fomos ao patio e collemos unha folla.
2. Extraémoslle unha lámina do envés (parte de abaixo).
3. Puxemos a lámina no portaobxectos e botámoslle unha gota de auga destilada coa pipeta Pasteur.
4. Colocamos o cubreobxectos sobre a mostra.
5. Observamos ao microscopio.

E QUE VIMOS?

A través do microscopio vimos células vexetais, estomas e algún cloroplasto nas células ou nos estomas, tal e como se observa no seguinte debuxo. Moi bonito de ver e moi recomendable que o probedes!

Moitas grazas por este anaco de tempo para ler o noso artigo. Publicámolo porque ao ser un proxecto que nos gustou moito, presentóusenos a idea de compartilo con vós e aceptamos sen dúbida! Esperamos que se podedes o fagades, para que quededes tan impresionados coma nós!



POR QUE SON VERDES AS FOLLAS DAS PLANTAS?

Brais Darriba Fernández, David Fernández De Alcántara, Juan Loyo López, Sergio Rodríguez Pérez e Verónica Vega Gómez – 1ºESO


Para responder a esta pregunta, un día na clase de Bioloxía fixemos un experimento. Pasámolo moi ben e aprendemos moito!

A continuación, amosámosvos os **MATERIAIS** que utilizamos:


- Probeta
- Embude
- Alcol
- Morteiro
- Papel de filtro
- Placa Petri
- Vaso de precipitados
- Sal
- Espinacas

Os **PASOS** que seguimos foron:

1. Primeiro cortamos en anacos as espinacas.
2. Despois metémolas nun morteiro con sal (para axudar a romper a parede das células vexetais) e 15ml de alcol medidos coa probeta. Esmagamos todo cunha maza.
3. A continuación, pasamos o líquido que quedou no morteiro para un vaso de precipitados, intentando que non caeran anacos de espinacas.
4. Continuamos filtrando o líquido cun embude feito con papel de filtro para metelo nunha probeta.
5. Vertemos o líquido filtrado nunha placa Petri.
6. Por último, dobramos unha tira de papel de filtro e colocámola na placa Petri para que os pigmentos se separasen e subisen polo papel de filtro por capilaridade, tal e como se observa no debuxo.




E este foi o **RESULTADO** final:



Cinco minutos despois, no papel de filtro apareceron liñas con distintas cores, empezando dende unha cor forte a unha cor máis clara sendo: a liña de cor laranxa, o β -caroteno; a amarela, a xantofila; a verde escuro, a clorofila a; e a de cor verde claro, a clorofila b.

Moitas grazas por ler este artigo, esperamos que vos gustara moito!



ENTREVISTA A DIEGO AS PARA LA VOZ DE GALICIA

Alumnado de 1º de ESO

O alumnado de 1º de ESO na clase de Lingua e Literatura castelá, estudamos a entrevista como medio de expresión oral e modelo periodístico; para poñelo en práctica, decidimos anonimamente a quen entrevistar. Diego As foi o escollido, contactamos con el, e para sorpresa nosa, aceptou gustosamente a nosa proposta.

Como estamos inscritos no programa Prensa Escola, imos participar no concurso como periodistas. Preparamos unha enquisa anónima dirixida ao persoal non docente, profesorado e alumnado desde 5º de EP ata 4º de ESO para saber canto se sabía do seu traballo e os seus éxitos.

Para confeccionar a entrevista a Diego As, cada un de nós, aportou unha serie de preguntas, seleccionamos 30 das máis repetidas e orixinais para así recoller a máxima información e ter a oportunidade de interactuar todos nós.



¡Buenos días Diego As! Muchas gracias por atender nuestra solicitud ya en diciembre y por tu asistencia hoy, a pesar de los éxitos alcanzados últimamente.

1. ¿Cómo te sentiste al recibir nuestra invitación?
2. Cuando eras niño, ¿qué querías ser de mayor?
3. ¿A qué edad pensaste ser grafitero?
4. ¿Qué o quién te dio la idea de ser grafitero?
5. ¿Quién te enseñó a hacer grafitis?
6. ¿Qué estudios se necesitan o facilitan el trabajo?
7. ¿Cuándo decidiste iniciar tu carrera profesional como grafitero?
8. ¿Cuál es el proceso que sigues?
9. ¿Qué materiales utilizas?
10. ¿Tienes alguna técnica específica?
11. ¿En qué o en quién te inspiras para escoger modelos?

12. ¿Qué es lo más difícil para hacer un buen grafiti?
13. ¿Cómo conseguiste hacerlos tan buenos?
14. ¿Tienes alguno especialmente preferido?
15. ¿Cuál es el más grande que hiciste y dónde está?
16. ¿Y el más caro?
17. ¿Dónde hiciste el primer grafiti remunerado?
18. ¿Siendo grafitero se puede vivir económicamente bien?
19. ¿Hiciste alguno fuera de España?
20. ¿Piensas en algún tema o lugar especial para mostrar tu arte?
21. ¿Hiciste algún grafiti ilegal?
22. ¿A qué te arriesgas si no solicitas permiso?
23. ¿Cuánto tiempo empleas en cada obra?
24. ¿Cuánto tiempo empleaste en el mural de “Julio César”?
25. ¿De dónde surgió la idea de “Julio César”?
26. ¿Qué diferencia hay entre grafiti y mural?
27. ¿Cuál fue tu reacción al ser nominado “mejor grafitero del mundo”?
28. ¿Y cuándo “Julio César” fue escogido como mejor mural del mundo?
29. ¿Qué sentimientos afloran al ser premiado con una obra vinculada a la historia de tu propia ciudad?
30. ¿Quieres contarnos algo más?

Muchas gracias por tu atención y tu información.



(As respostas publicaranse no suplemento *La Voz de la Escuela* do 11 de maio.)




ENQUISA SOBRE DIEGO AS


Alumnado de 1º ESO

Estos son los resultados de la encuesta que el alumnado de lengua castellana y literatura de 1º de ESO realizó entre el alumnado (a partir de 5º de ed. primaria), profesorado y resto de personal del centro:


1 ¿Sabes quién es Diego As?




2 ¿Sabes quién es el mejor grafitero del mundo?




3 ¿Conocías a Diego As antes de ser nominado?




4 ¿Te parece merecido el premio de mejor grafitero del mundo?




5 ¿Crees que gana mucho dinero por ser premiado?




6 Crees que hay más grafitis...




7 ¿Conoces alguna obra de Diego As?



8 ¿Te gustaría tener un grafiti/mural suyo en nuestro colegio?



9 ¿Conoces y sabes dónde está el mural premiado como Mejor mural del mundo 2021?



10 A continuación, mira la pantalla y escoge la obra que más te gusta. (Esta es la foto del grafiti de Dieog As elegido en nuestra encuesta.)





DESCUBRINDO O NOSO INTERIOR

Texto: Alba López Rodríguez e Jennifer Vilela Peredo (3ºESO)

Fotos Ezequiel Calvo Castro (3ºESO)

No mes de abril, durante unha clase de bioloxía, os alumnos e alumnas de 3º da ESO realizamos unha disección. Así foi como puxeron ó noso alcance dous corazóns de porco, un ollo dunha vaca e outro ollo de porco.



O corazón que nos trouxo a profesora María Souto traía pegada a traquea, e despois o profesor Saúl Iglesias pasouno polas mesas ensinándoo. Cada un podía tocalo se quería. Ao principio, os alumnos estabamos un pouco repelidos pola actividade que iamos realizar, pero pouco a pouco comezamos a soltarnos, experimentando, explorando e aprendendo moitas cousas sobre estas partes do corpo dos seres vivos.

Despois María abriu o corazón e o vimos por dentro: arterias, coágulos, etc. Foinos explicando cada parte do corazón e nós fomos aprendendo moitas cousas que anteriormente viramos no temario. Despois trouxo un ollo de vaca e outro de cocho, abrímolos e sacamos deles unha boliña transparente chamada “cristalino”. Puxémola enriba dun papel que había impreso e... tachán! As letras víanse máis grandes!

Que aprendemos?

Aprendemos unha gran cantidade de contidos, como que o ventrículo esquerdo é máis grosso có dereito, ou que dentro do



corazón hai tendóns moi fortes, os cales non fomos capaces de romper á présa. Tamén puidemos comprobar as diferentes partes coas que conta o corazón, o que nos permitiu coñecer mellor o movemento do sangue dentro deste órgano.

Analizando os ollos, decatámonos de que o cristalino fai efecto lupa, o que nos axuda a ver con claridade. Tamén fixemos un experimento da vista, no que no encerado puxemos un punto á esquerda e unha cruz á dereita, para atopar o punto cego dos nosos ollos.

Opinión persoal




Alba: Foi unha gran experiencia que nos permitiu aprender todo isto de primeira man, sendo unha aprendizaxe máis práctica e máis divertida que estudar unha lección. Por suposto, repetiríao sen dúbida ningunha.

Jennifer: Gustoume moito porque é moi interesante saber como é o noso corazón por dentro, xa que é unha peza humana necesaria para vivir. Animo a todos os que teñan a oportunidade de ver os ollos e o corazón dun animal por dentro a que o fagan. Pode que vos dea algo de noxo ó principio a simple vista, pero eu xuraría que desde que o vexades todo encantaravos e queredes repetir. Recomendaría que o fixéseades diante dun adulto para que el ou ela vos abra o corazón e os ollos. Se tedes a oportunidade, xa sabedes! Espero que vos guste e que isto vos sirva para facervos idea do divertido que é.

MÚSICA, A MELLOR COMPAÑEIRA DE VIDA

María González

A música acompáñanos ao longo de toda a nosa vida, mesmo dende o ventre materno. Dende que nacemos identificamos os sons que nos fan sentir ben, que nos relaxan, cancións familiares que nos amosan xogos, rutinas, como o momento de comer ou durmir, e tamén nos axudan a memorizar palabras, vivindo o cotiá de maneira máis alegre e intensa. Grazas a ela adquirimos unha grande sensibilidade e percibimos o mundo dun xeito diferente, non só desenvolvendo o sentido do ouvido, senón facéndonos vivir as emocións de maneira moito máis especial.



O corazón trata de acompañar os latidos co ritmo da música que escoitamos, axudando a calmar o espírito e baixar a presión arterial, isto era ben sabido xa dende tempos inmemoriais, polo que as antigas civilizacións ademais de facer uso da música en rituais ou en pantomimas, usábana como terapia de curación.

É sabido que a música mellora a atención, a concentración, a memoria, a coordinación, a expresión, as habilidades de síntese, a creatividade, a imaxinación e o desenvolvemento cognitivo. En pleno confinamento por causa da Covid-19, a música amosou abertamente o seu relevante papel como vehículo xestor de emocións a través do que podemos expresarnos e reducir o medo, a ansiedade e o estrés.

En canto ao ámbito social, tocar un instrumento, cantar, ou bailar, sobre todo cando se fai en grupo, promove a integración, a empatía, o traballo en equipo, o intercambio de ideas, o respecto aos compañeiros, o desenvolvemento da intelixencia emocional, tan fundamental nos tempos que vivimos... en definitiva, axuda a coñecernos mellor e reforzar a nosa autoestima, facendo que nos superemos a nós mesmos. Que mellor escenario que as propias aulas para aprender e desenvolver todas estas habilidades?

A pesar de todo isto, con frecuencia podemos observar o pouco valor que, en xeral, se dá á música e ás ensinanzas artísticas por parte das autoridades educativas, incluso do propio alumnado, inconsciente da súa necesidade e, sobre todo, das súas bondades na formación como seres humanos íntegros, sendo moitas veces as ensinanzas obrigatorias a única oportunidade para moitos de aprender un mínimo de cultura musical, xa que só un 5% do alumnado asiste a Escolas de Música e Conservatorios. É a educación musical un luxo ou é un dereito para todo o alumnado? Ademais, se o alumnado non conta con formación artística de base, que vai pasar nun futuro co tecido cultural de todo o país?

Tanto as familias como o profesorado temos a responsabilidade de preparar á xuventude para o mundo actual, onde o traballo colaborativo, a educación emocional, o uso da tecnoloxía e o desenvolvemento da creatividade son aspectos imprescindibles, polo que deberíamos poñer en valor as materias nas que mellor se poden traballar todos eles, é dicir, as ensinanzas artísticas e, especialmente, a música.




LER OU NON LER, ESTA É A CUESTIÓN

Alumnado de 4ºB de ESO

A continuación temos unhas recomendacións literarias sobre que ler ou que non ler feitas polo alumnado de 4ºB de ESO na clase de inglés.

I RECOMMEND...



El príncipe de la niebla is my favourite book. I read it a long time ago as it was part of a school reading list.

It is about a family who move to a small village fleeing World War II.

MANUEL VIÑA


I RECOMMEND...

The best book that I have ever read is *The Mousetrap* by Agatha Christie.

I love this book because I like crime and suspense plots.

The action is real and it takes place in an isolated hotel.

The characters are very strange and mysterious.



NOEL VÁZQUEZ

I RECOMMEND...

In my opinion the best book is *Mortadelo and Filemón* because these comics are very funny and easy to read.


In these comics the topics are different, but the characters are the same.

I recommend them to have a good time.



HUGO FERNÁNDEZ

I RECOMMEND...



For me the best book is *Boulevard*, because I like this topic.

The beginning is very romantic and then the end is very sad because the main character, called Luke, dies to save his girlfriend.


ANDREA VÁZQUEZ

I RECOMMEND...

My favourite book is *Mortadelo y Filemón* because it is an interesting and crazy book.

I have had good moments with my friends while reading the book.

It is my favourite book because it is very special for me.



DIEGO DÍAZ

I RECOMMEND...

My favourite book is *La chica invisible* by Blue Jeans.

The book is about an anti-social girl.

One day her mother doesn't find her at home. The next day, Aurora died at school. Her friend Julia is obsessed with finding the murderer.


SABELA RODRÍGUEZ

I RECOMMEND...

The best book I have read was *The Mousetrap*.

I liked it because it was entertaining, the characters were well characterized and the end was unexpected and it impressed me a lot.

I liked it because it was also short and very easy to read for me.



NOEL OSORIO

I DON'T RECOMMEND...

The worst book I've ever read was *Leyendas* by Bécquer because it was very long and boring. The language of the legends is very old and difficult to understand too.

Finally, the stories in the legends are not interesting and there were too many legends that I had to read.

ALEJANDRO PÁRAMO

INTERVIEW TO JEAN

Alumnado de 4º de ESO



Diego: What is your favourite place in Spain?

Jean: In Spain my favourite place is probably Granada, because I studied there for about six weeks a couple of years ago and I loved it.

Hugo: What subjects did you study in high school?

Jean: In high school, in my last year I studied psychology, calculus, environmental science and Spanish.

Noel Osorio: What is your favourite Spanish festivity?

Jean: My favourite Spanish festivity is San Froilán because when I first came to Lugo I got to see a lot of live music and eat lots of *pulpo*.

Alejandro: Have you always lived in the United States?

Jean: Yes, I have always lived in the United States but I lived in two different states, first in Colorado and then in Michigan for four years.

Tristán: What is what you like the least and most about Galicia.

Jean: I think that the thing I like the least about Galicia is the public transportation because sometimes there aren't many options to go to places and the thing I like the most about Galicia is the people because people have been very welcoming and have made me feel like home.

Iago: What's your favourite movie?

Jean: My favourite movie is Interstellar. I love Interstellar.

Sabela: What did you want to work as when you were a child?

Jean: When I was a child, I wanted to be a professional volleyball player but it didn't work out.

Andrea: What is your favourite place in Galicia?

Jean: I think my favourite place in Galicia is the Ribeira Sacra. I've done lots of hikes there and I also have enjoyed staying in a village with some friends and looking after their chickens and sheep and all that.

Noel Vázquez: What is your favourite place in the USA?

Jean: My favourite place in the USA is my hometown Boulder, because the mountains are close and that's where my family and friends are.

Manuel: What are your hobbies?

Jean: My hobbies are reading, playing volleyball, I like cooking also. I cook a lot with my roommate.

